



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coaña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA

DIA 18 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de Plenos do Concello de Frades, cando son as 14:15 horas do día 18 de decembro de 2017, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

46910475C JESUS MIGUEL PRADO CEA - PP
76363609K M^a ANGELES ALVAREZ CARRO - PP
79331173X NELLY IGLESIAS REY - BNG
33237699P JOSÉ MARIA PÉREZ LAGOS - BNG
44842883J OSCAR BOTANA RUA - PP
76329065T JESÚS FRANCO SÁNCHEZ - PP
76311016Y RAMÓN GARABATO BOGA - PP
34893023E MANUEL FERREIRO MARZOA - PP
45955945V LORENA SUÁREZ PARDO-BNG
76368290X JUAN CARLOS PORTOS BRA-PP

baixo a Presidencia de 79314640Z ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria- Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Os señores concelleiros declaran coñecer o contido da acta da sesión ordinaria anterior de data 11 de decembro de 2017.

O Pleno por unanimidade ACORDA aprobar a acta da sesión ordinaria anterior de data 11 de decembro de 2017.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A APROBACIÓN DO POS + 2018 (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS).

O Alcalde- Presidente procede a explicar que no mes de outubro de 2017 (24 de outubro de 2017, rexistro de entrada 1270) recibíuse neste Concello a Circular sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial ás obras e servizos de competencia municipal Plan único dos Concellos (Pos+2018) publicadas no BOP nº 188 de data 3 de outubro de 2017. A asignación, corrixida o 8-11-2017 (rexistro de entrada 1356), foi a seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coaña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (para gasto corrente)	214.323,87 euros
ACHEGA PROVINCIAL 2017 (para investimentos)	210.280,02 euros
PAI 2018	190.060,79 euros
TOTAL	614.664,68 euros

No 2017, a asignación ascendía a 596.347,8 euros, desglosado do seguinte xeito:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (para gasto corrente)	261.909,19 euros
ACHEGA PROVINCIAL 2016 (para investimentos)	161.174,89 euros
PAI 2018	173.263 euros

Polo tanto, en termos comparativos, baixa a achega provincial do 2018, destinada a gasto corrente con respecto ao 2017 en 47.585,32 euros. Porén este ano imos a destinar maior porcentaxe a obra, en concreto, en euros, serían 49.105 euros máis para investimentos.

Ademáis este ano, aínda que o PAI é maior non o imos a solicitar porque incumpriríamos a regra do gasto o que nos obrigaría á aprobación dun plan económico- financeiro.

Con respecto ao Plan Complementario (POS ADICIONAL) do 2017, este ano se vai a aprobar o mesmo que se desglosa do seguinte xeito:

APORTACIÓN DA DEPUTACIÓN	128.939,91 euros
APORTACIÓN DO CONCELLO	20.342,01 euros
TOTAL	149.281,92 euros

Con respecto ao Plan Complementario (POS ADICIONAL) do 2018, o mínimo que teríamos que facer no Plan sería 122.932,94 euros (un 20% de 614.664,68 que é o importe total), e prevese para o 2018 unha maior porcentaxe, un 24,5 %, por importe de 150.832,95 euros.

Con respecto ao gasto corrente para o 2018, o desglose é o seguinte:

LUZ: 140.000,00 euros
LIXO: 52.100,00 euros, tendo en conta que serían 125.100,00 euros de gasto menos os 73.000,00 euros de ingresos en concepto de taxas.
ACCESO AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN: 22.223,87 euros

TOTAL: 214. 323,87 euros.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fades.dioruna.es

O que se aforra de gasto corrente temos que destinalo a servizos sociais, Mancomunidade, liñas de antigas subvencións que se eliminaron, aportacións municipais a subvencións que se soliciten...

A continuación, o Alcalde presidente procede á lectura da proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 18/12/2017 SOBRE APROBACIÓN DO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2018).

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos POS +2018), publicadas no BOP nº 188, de data 3 de outubro de 2017.

Redactados en decembro de 2017 polo enxeñeiro de camiños D. Julio C. Rojo Martínez colexiado nº 3871 os seguintes proxectos:

POS + 2018

“Camiño a Fontao (Abellá) e outros”.

“Camiño a Tarrentos (Añá) e outros”

PLAN COMPLEMENTARIO:

“Camiño Igrexa a Devesa (Aiazo) e outros”

“Accesos ó Casal (Vitre) e outros”

Vistos os informes técnicos que constan no expediente.

Propoño que o Pleno acorde:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

A) Financiamento do pago a provedores:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	214.323,87
Subtotal gasto corrente	214.323,87

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos achega provincial 2018	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2017	
-------------------------------	--



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

<i>(Investimentos “financeiramente sostíbles”)</i>		<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Grupo de programa</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
“Camiño a Fontao (Abellá) e outros”	1532	112.451,69	0,00	112.451,69
“Camiño a Tarrentos (Añá) e outros”	1532	97.828,33	0,00	97.828,33
Subtotal investimentos achega provincial 2017		210.280,02	0,00	210.280,02

<i>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018</i>		<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>		<i>Préstamo</i>	<i>Achega</i>	<i>Orzamento total</i>
		<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018		0,00	0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

<i>Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)</i>	<i>Deputación</i>
Subtotal redacción proxectos	0,00

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

<i>Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018</i>	<i>Deputación</i>
Subtotal achega municipal 2018	0,00

<i>Denominación do investimento “financieiramente sostible” doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017</i>		<i>Deputación</i>
<i>Denominación</i>	<i>Grupo de programa</i>	
Subtotal achega municipal 2017		0,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
		0,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00

G) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0,00	0,00	0,00
	Achega 2018	0,00	0,00	0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	214.323,87	0,00	214.323,87
	Achega 2018	0,00	0,00	0,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Coaña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

C- INVERSIONES	Achega 2017	210.280,02	0,00	210.280,02
	Préstamo 2018	0,00	0,00	0,00
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0,00	0,00	0,00
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0,00	0,00	0,00
	Achega 2017	0,00	0,00	0,00
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0,00	0,00	0,00
TOTAL	Achega 2018	214.323,87	0,00	214.323,87
	Achega 2017	210.280,02	0,00	210.280,02
	Préstamo 2018	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	424.603,89	0,00	424.603,89



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fades.ditoruna.es

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
“Camiño Igrexa a Devesa (Aiazo) e outros”	1532	85.996,93
“Accesos ó Casal (Vitre) e outros”	1532	64.836,02
TOTAIS		150.832,95

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos (consta no expediente Informe da arquitecta en funcións), e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (solicitáronse as autorizacións necesarias segundo Informe técnico tal e como establece a Base nº 2.3).

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

O Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos que intervén para explicar que << Este ano non fixemos proposta porque case nunca tivo éxito. Ademais estou de acordo en arranxar as pistas, pero por favor ampliádeas. Vexo que chegan máis cartos e estou contento de que cambiase a cor da Deputación. A ver se se resolve o problema das augas en Marís...>>

O Alcalde- Presidente intervén para manifestar que o problema de Marís solucionouse dun lado. E que con respecto ás pistas <<...non se podían meter máis pistas no POS porque xa solo para as pistas sen capa de rodadura (solo ancheala), se necesitan 85.000,00 euros. O que hai que facer é reducir a velocidade, estase experimentando en Áñá, e se funciona poranse máis, porque o que non se pode facer é circular por estas pistas a cento e pico... E con respecto ás subvencións nominativas dicir que para Frades non se concederon, e non é certo que se vaian a eliminar, porque en Oroso recibiron unha subvención de 400.000,00 euros para o arranxo do Campo de Fútbol, así que as subvencións nominativas se conceder aínda pola Deputación, non se suprimiron...En relación ás beirarrúas estamos tamén pendentes que que nos arranxen as mesmas pola Deputación. Se son da Deputación entendemos que as debería arranxar...>>

Unha vez expostas as anteriores consideracións, tralas deliberacións oportunas, o Pleno da Corporación, por unanimidade

ÚNICO: Aprobar a proposta da Alcaldía non seus mesmos termos.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14,45 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo: Carmen Gómez Otero.